



## Rallye Matemático sen Fronteiras 1º ESO

### Rallye Mathématique sans Frontières

Luns, 18 marzo 2013. Duración 1 hora

Centro:

Grupo nº:

Nome dun compoñente do grupo:

#### Exercicio 1: Serie de letras

Supoñede que temos a secuencia de cinco letras, ABCDE, repetida, ABCDEABCDE ... Por exemplo, a letra que ocupa o sétimo lugar é a letra B.

*1) Que letra ocupa o lugar 32?*

*2) Que letra ocupa o lugar 2013?*

#### Exercicio 2: Palíndromas

Dise que unha data, escrita usando só números, que é palíndroma se se poden ler as mesmas cifras en ambas direccións (de esquerda a dereita ou viceversa). Por exemplo, 20 de febreiro de 2002 é unha data palíndroma porque podemos escribir 20 02 2002.

*Escribe as datas palíndromas entre o 1 de xaneiro de 2000 e 18 de marzo de 2013.*

#### Exercicio 3: Cuestión de treses

Como podemos acadar as seguintes igualdades empregando só catro treses e inserindo entre eles algúns dos catro signos das operacións básicas (+, -, x, :)? Podemos repetir os signos e, tamén, usar parénteses.

1)  $3\ 3\ 3\ 3 = 4$

2)  $3\ 3\ 3\ 3 = 5$

3)  $3\ 3\ 3\ 3 = 6$

4)  $3\ 3\ 3\ 3 = 7$

5)  $3\ 3\ 3\ 3 = 8$



## Rallye Matemático sen Fronteiras 1º ESO

### Rallye Mathématique sans Frontières

Luns, 18 marzo 2013. Duración 1 hora

#### Exercicio 4: Formación de grupos

Queremos dividir o alumnado dun grupo de universitarios que ten entre 150 e 200 estudantes. Sabemos que:

- Se os dividimos en grupos de tres alumnos, un alumno permanece illado (fóra dun grupo).
- Se os dividimos en grupos de cinco alumnos, un alumno permanece illado (fóra dun grupo).
- Se os dividimos en grupos de sete estudantes, todos os alumnos están nalgún grupo.

*Cantos estudantes ten ese grupo de universitarios?*

#### Exercicio 5: Data e paridade

Durante un certo mes, tres domingos caen nun día par dese mes.

*1) Cal é o día da semana correspondente ao día 3 deste mes?*

*2) Cal é o día da semana correspondente ao día 25 deste mes?*